

O PAPEL DO PROFESOR NA XESTIÓN DE ESPAZOS E RECURSOS.

Ruth Rodríguez Pérez.

Licenciada en Psicopedagogía.

Mestra especialista en Audición e Linguaxe do C.E.I.P. Escultor Acuña (Vigo)

RESUMO

O obxectivo deste documento é dar unha perspectiva clara do que debería ser unha aula de audición e linguaxe, tanto a súa estrutura física como organizativa. Tratarase de dar breves reseñas sobre cómo debe estar deseñada materialmente, así como a ubicación da mesma dentro do centro, a distribución de horarios e materiais ... aspectos que a miúdo pasan desapercibidos.

RESUMEN

El objetivo de este documento es dar una perspectiva clara de lo que debería ser una aula de audición y lenguaje, tanto su estructura física como organizativa. Se trata de dar breves reseñas sobre cómo debe estar diseñada materialmente, así como la ubicación de la misma dentro del centro, la distribución de horarios y materiales... aspectos que frecuentemente pasan desapercibidos.

ABSTRACT

The objective of this document is providing one clear perspective of what should be one audition and language classroom, with its physical and organizational structure. We will try to outline the way it should be designed and its location in the education institution, the schedule distribution, the materials... aspects the frequently go unnoticed.

Todas aquelas decisións que tomemos acertadamente con respecto ao espazo incidirán positivamente na rehabilitación do alumno, tanto como poden influir o diagnóstico e a elaboración e implementación do programa; pero mentres a estes dous aspectos dáselles una importancia vital, o espazo adoitamos pasalo por alto, por consideralo un aspecto máis arbitrario.

Asemade resulta vital que o/a logopeda asimile uns criterios básicos de cara á elaboración de horarios xa que estes deben ir orientados a proporcionar unha atención de calidade, sen primar a cantidade de alumnos atendidos, xa que a demanda tende a ser moi alta. Non se trata de atender o maior número de alumnos, senón que haberá que establecer prioridades e traballar nese senso. Prioridades como idade do alumno, motivo da demanda, gravidade do caso, posibilidade de atención externa...

Tendo en conta estes aspectos; así coma os derivados do diagnóstico, detección de necesidades, deseño do programa, implementación e avaliación do mesmo; estaremos camiñando cara a unha intervención de calidade.

Dadas as peculiaridades da especialidade á que nos enfrontamos, por pura lóxica é evidente que tanto o ámbito de traballo como a aula en concreto na que traballa o especialista de audición e linguaxe han de ter unhas características físicas, estruturais e organizativas que pouco teñen que ver con aquelas ás que estamos afeitos nas aulas ordinarias.

Temos que ter presente que nos resultados da intervención ten un grande peso, non só a realización dun diagnóstico acertado e completo, senón tamén a axeitada organización e aproveitamento da AULA, para iso deberanse ter en conta diversos aspectos, que ás veces pola súa obviedade pasan inadvertidos, e que no entanto teñen moita importancia de cara ao éxito:

- A ubicación da aula dentro do centro.
- A estrutura física da mesma (características) e moblaxe.
- A organización da moblaxe e dos materiais.
- A organización dos espazos (recunchos) e elección dun espazo persoal do/a logopeda dentro da aula
- A distribución dos horarios (atención individual e elaboración de programas) e o espazo físico que ocupa o/a logopeda en cada intre (aula ordinaria V.S. aula de A.L.¹).

A UBICACIÓN DA AULA DENTRO DO CENTRO:

Na maioría das ocasións este é un aspecto que pasa inadvertido no caso da aula de A.L. , ás veces por problemas na estrutura do edificio ou falta de espazo, outras, simplemente, polo feito de que ao ser unha das

¹ Audición e Linguaxe

especialidades de reciente implantación o/a logopeda é o último ao que se lle asigna un espazo que, con frecuencia, coincide con aquel que foi rexeitado polas súas características, dimensións, ubicación... polo resto do claustro.

Pero, afastándonos destas dificultades e tratando de reflectir a idoneidade desta aula, diríamos que o espazo máis adecuado estaría ubicado na planta baixa do edificio, respectando uns requisitos mínimos e por una serie de razóns:

- Situaríase na planta baixa por un dobre motivo: primeiro porque adoita ser o lugar onde se ubican as aulas de educación infantil e do primeiro ciclo de educación primaria das que posiblemente teremos que atender un gran número de alumnos e, en segundo lugar, para facilitar o acceso aos alumnos con dificultades de mobilidade (habería que ter tamén en conta cuestións de horarios nestes casos).
- Ademais a planta baixa resulta idónea posto que é o lugar onde soen ubicarse a biblioteca, da que faremos constante uso e a secretaría, o que nos facilitaría o manexo dos expedientes.
- No caso de alumnos que teñan escolarización combinada será menos azaroso recollelos e deixalos.
- Debería estar próxima ás escaleiras, ascensor ou diferentes accesos ós andares superiores, de cara a reducir o tempo que perden os alumnos en acudir a aula de A.L. e, do mesmo modo, para facilitar o acceso de alumnos con problemas motores que teñan que facer uso do ascensor, xa sexa sós ou acompañados por cuidador/a.
- Sería ideal que as aulas de A.L., P.T.² e o departamento de orientación fosen contiguas, ou polo menos próximos, debido á estreita colaboración que manteñen os tres especialistas.
- Debería estar afastada de posibles fontes de ruído (patios, estradas...).

Isto non implica que todos estes requisitos, nin os que se citarán a continuación teñan que ser inevitablemente cumpridos, senón que se está a falar duns criterios de excelencia que aumentarían a calidade da nosa intervención. Pero é evidente que a realidade dista moito da perfección e en ocasións debemos limitar e adecuar os nosos desexos e intencións á dotación económica que nos asigne o centro.

ESTRUCTURA FÍSICA E MOBLAXE DA AULA

Tan importante como a ubicación é a estrutura, son os materiais cos que se ten construído a aula para garantir ao alumno/a a atención máis adecuada e de maior calidade. Os mínimos desexables serían:

- Unha extensión aproximada de 16 metros cadrados útiles. De cara a un traballo cómodo por recunchos claramente diferenciados, onde o material non se amontoe e se evite así a sensación de agobio.

² Pedagogía Terapéutica

- Os tabiques deben ter un grosor suficiente de modo que, na medida do posible, estean insonorizados (así como o acristalamento, polo menos cun dobre ventanal), coa fin de non interferir nos traballos de discriminación auditiva, nin perturbar a atención do/a alumno/a nos exercicios de imitación, repetición... .
- En canto aos ventanais estes han de estar situados uns fronte aos outros e ser amplos, para favorecer a luz natural e proporcionar así una atmosfera máis relaxada. Terán que proporcionar o maior aillamento posible, tanto en canto ao ruído como á temperatura. Teñamos en conta que o traballo de rehabilitación logopédica ten que realizarse nun ambiente distendido e relaxado.
- Débense evitar, na medida do posible, os elementos distractores: os cartaces, os cadros, as láminas han de estar directamente relacionadas co noso traballo habitual, coa fin de centrar a atención e non dispersala. En moitas ocasións, coa idea de deixar a nosa aula o máis rechamante e bonita posible enchémola de debuxos e ilustracións dos personaxes animados de moda (Disney, Shin-Chan...), sen darnos conta de que incidirán negativamente na capacidade do neno/a para centrarse na tarefa, pois tenden a chamar poderosamente a súa atención.
- A cor das paredes debe ser clara, para evitar a sensación de apatía e actuar como elemento reflectante de la luz natural.
- Luces fluorescentes no teito para proporcionar unha iluminación branca.
- A temperatura ambiente ten que agradable: nin excesivo frío nin excesivo calor, xa que ningunha das dúas é agradable.
- En cuanto a moblaxe debemos contar polo menos con:
 - o UnHa pizarra tradicional e unha veleda.
 - o Un cortizo.
 - o Un espello para a rehabilitación logopédica.
 - o Andeis para acumular bibliografía e material
 - o Un archivador con carpetiñas colgantes con pechadura de chave, para gardar os expedientes persoais e as notas enviadas ós pais.
 - o Unha caixoneira cun número suficiente de bandexas para gardar os traballos dos/as alumnos/as que atendamos.
 - o Baúl para gardar xoguetes, material plástico de evocación e xogo de roles (comidas, teléfono, ferros de pasar...).
 - o Mesas e cadeiras de diferentes alturas para que se sintan cómodos os/as nenos/as de diferentes idades. Non é raro entrar nunha aula de A.L. e ver un neno de doce anos sentado nunha cadeira de infantil, coas incomodidades que iso conleva. Que atendamos un maior número de alumnado dos primeiros niveis, non implica esquecer que en calquera momento poidan xurdir necesidades en estadios superiores.
 - o Mesa e cadeira de ordenador.
 - o PC dotado de altosfalantes, micrófono e gravadora. A gravadora tradicional pode ser substituída por algún dos programas que nos permiten levar a cabo esta función dende o PC., xa que nos será moito máis fácil crear un arquivo para

cada neno/a onde se vaian almacenando os rexistros de voz que se vaian facendo, o que nos facilita a consulta de mellorías e a secuenciación das sesións. Outra vantaxa que presentan estes programas é que soen ofrecer un espectro de voz. Deste modo o neno/a pode observar algo tan inmaterial como é o son nunha pantalla descubrindo as inflexións, as pausas, a intensidade...

- Unha alfombra para o traballo cos máis pequenos.
- Unha colchoneta ou un lote de losetas acolchadas ensartables, que nos servirá de lugar de descanso ou retirada para os nenos/as con alteracións conductuais que non aturan a totalidade da sesión.
- Un percheiro.

ORGANIZACIÓN DA MOBLAXE E OS MATERIAIS

- Tanto a pizarra veleda como a tradicional han de estar ubicadas nun frontal da clase de modo que as ventás queden ós lados para evitar reflexos. En canto á altura, estarán situadas nun lugar accesible para o neno/a, de modo que este/a se atope máis cómodo tanto escribindo nelas, como lendo dende as súas mesas. As pizarras poderán cubrirse cunha cortina de maneira que o seu contido non se reflicta no espello cando traballemos neste, xa que actuaría como elemento distractor. Podemos pensar que o máis sinxelo sería borrar o contido da pizarra, pero é posible que volvamos a retomar-lo ao final da sesión e así evitamos volver a escribilo coa consecuenta perda de tempo que, por desgracia, nunca sobra.
- Á mesma altura e na parede de enfronte ubicarase o cortizo no que os nenos poderán colocar os seus traballos, facer grandes puzzles... e preto do corcho o espello, que terá unhas dimensións de 1 metro con 40 centímetros de alto por 85 centímetros de ancho, de maneira que poderemos facer traballo de praxias sentados á dereita do/a neno/a se é destro e á súa esquerda se é zurdo; ou poderemos facer exercicios de corpo enteiro de cara ao coñecemento do esquema corporal, o recoñecemento do eu e o outro... sobre todo con nenos/as autistas ou no traballo de estimulación temperá (en nenos/as con diferentes síndromes: Down, Rett, Prader Willi...).
- Un recuncho da clase reservarse para uso persoal do/a logopeda, de modo que alí poderá levar a cabo traballo individual de elaboración de informes, búsqueda de información, cotexo de resultados. Nese recuncho contaremos cun **andel** para almacenamento da bibliografía e guías de elaboración propia (consellos para pais, xogos...), unha cadeira cómoda e unha **mesa** o suficientemente ampla onde nos caiba ordenador, impresora e nos quede suficiente espazo para colocar material de uso frecuente (funxible, cronómetro, diapasón, silbato...). A mesa deberá ter á súa vez un caixón con pechadura para gardar obxectos de uso persoal. Un **arquivador de carpetiñas** colgantes para consulta dos expedientes dun xeito rápido e eficaz e que nos permita ir arquivando

- tanto documentos de utilidade para a rehabilitación do neno/a (audiometrías, informes médicos...) como follas de rexistro onde se anoten os acordos aos que se chega cos pais en cada entrevista.
- No centro da clase ubicaranse as mesas xuntas por altura de maneira que se fomente o traballo interactivo e uns se poidan sentar fronte ós outros. E apoiada á parede a caixoneira para archivar os traballos.
 - O material logopédico ubicarase por recunchos:
 - o **Sopro** (globos, matasogras, velas, bolas de ping-pong...).
 - o **Respiración** (colchoneta).
 - o **Desenvolvemento psicomotriz** (punzóns, bolas ensartables, plastilina, texturas, cremalleiras e botóns...).
 - o **Lectoescritura** (lotos, fichas, letras móbiles, autodictados...).
 - o **Ximnasia orofacial** (espello, linguodepresores,...).
 - o **Roles e teatriño** (materiais de imitación: ferro de pasar, cociniñas, disfraces, teatrito...).
 - o **P.C.** (teremos un ordenador e software adecuado tipo Pipo, Acuario, "Aprendo a ler" .. e de creación propia de modo que o neno/a poida traballar autónomamente todos os recunchos citados, isto seranos moi útil cando queiramos incidir no traballo individual de nenos/as que veñan en grupo).
 - o **Xogos e contacontos** (alfombra, minibiblioteca e baúl con xoguetes).
 - o **Relaxación** (colchoneta, mantiña, almofada, música clásica, reprodutor de CD).

Estes dous últimos recunchos son importantísimos para distender as sesións de traballo logopédico que se lle fan especialmente duras ós máis pequenos ou a nenos/as con síndromes que reflicten alteracións conductuais.

DISTRIBUCIÓN DE HORARIOS

Os horarios distribuiranse de modo que interfiran o menos posible na marcha ordinaria do proceso ensinanza-aprendizaxe. Con frecuencia téndese a por as sesións de logopedia simultaneamente coas de ed. Artística, física ou musical, pensando que son nas que menos perde o/a alumno/a, no entanto estamos equivocados. Na medida do posible débese permitir aos nenos/as acudir a estas clases, xa que son aquelas nas que se produce unha maior posibilidade de interacción e intercambio comunicativo, ademais de ser o marco ideal para o desenvolvemento de facultades creativas que inflúen positivamente na comprensión e no proceso lectoescritor.

Os/as alumnos/as atenderanse de maneira individual ou en pequeno grupo, se é así estes deberán ser o máis homoxéneos posibles. É dicir, as alteracións presentadas polos nenos/as han de ser as mesmas. Recibirán polo menos tres sesións semanais de 25 minutos como criterio xeral (dislalias, retrasos leves de linguaxe, leves perdas auditivas) ou dúas / tres sesións máis longas (entre 45 e 50 minutos) en casos máis graves, frecuentemente

patoloxías que levan asociadas alteracións na fala ou a linguaxe (parálise cerebral, espiña bífida... que posiblemente esixirán a introducción dun Sistema Alternativo ou Aumentativo de Comunicación (S.A.A.C).

Na aula estableceranse uns criterios de atención e en ningún caso se dará prioridade á cantidade de nenos/as a tratar fronte á calidade de rehabilitación. É dicir se son moitas as demandas que se nos presentan darase prioridade a :

- Patoloxías con alteracións de linguaxe (autismo, síndrome Down, espiña bífida).
- Mutismo selectivo, disartrias, disglosias e dislalias . Nestes casos terase en conta a idade, xa que con frecuencia chegan demandas desde idades moi temperás (3-5 anos), o cal resulta máis interesante de traballar dentro da aula en grande grupo a través dun programa de prevención elaborado e implementado polo/a logopeda en colaboración co mestre/a. No caso de que se presente unha dificultade clara, entón decidirse complementar o traballo fóra da aula.
- No caso de nenos/as que presenten problemas conductuais ou de hiperactividade son recomendables sesións curtas, ou sesións longas cun período de descanso intermedio e non elixir nunca as primeiras horas (soen chegar trastornados polo efecto dos ansiolíticos) nin as últimas (xa que están cansos e sobreexcitados).
- No caso das disfemias e patoloxías moi instauradas en nenos/as de avanzada idade convén establecer un programa de reforzo cun logopeda clínico ou apoio psicolóxico.

Como podedes observar estes son unha serie de criterios que resultan case imposible de levar a cabo na súa totalidade. Non esquezamos que a única pretensión deste documento foi ofrecer una visión clara e concisa do que sería unha aula de Audición e Linguaxe ideal. Agora a vosa función é ver ata que punto podedes adaptar e aproveitar os recursos dos que dispoñedes a estas directrices xerais. ¡ guiño e boa sorte!